

**CONFERENCIA DE ASEMBLEAS LEXISLATIVAS
REXIONAIS EUROPEAS
(CALRE)**

DECLARACIÓN DE MÉRIDA

Mérida, 29 e 30 de novembro de 2012

Os presidentes e as presidentas das Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas que se citan a continuación:

- Parlamento de Extremadura
- Cortes de Aragón
- Cortes de Castilla y León
- Parlament de les Illes Balears
- Parlamento de Andalucía
- Parlamento de Canarias
- Parlamento de La Rioja
- Corts Valencianes
- Junta General del Principado de Asturias
- Asamblea de Madrid
- Consiglio regionale del Veneto
- Consiglio regionale del Trentino Alto Adige
- Consiglio regionale della Lombardia
- Parlament der Deutschsprachige Gemeinschaft Belgiens
- Parlement de la Communauté Française de Belgique
- Parlement de la Région de Bruxelles-Capitale
- Parlement Wallon
- Vlaams Parlement
- Landtag Steiermark
- Kärntner Landtag
- Oberösterreichischer Landtag
- Sächsischer Landtag
- Landtag Rheinland-Pfalz
- Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Açores
- Ålands lagting

asistiron á XVI Sesión Plenaria da CALRE, celebrada en Mérida (Extremadura, España) os días 29 e 30 de novembro de 2012, e acordaron adoptar a seguinte declaración:

DECLARACIÓN DE MÉRIDA

Cara á unidade, a cocreación e a transparencia nun contexto de recesión económica e crise de valores institucionais

INTRODUCCIÓN

Este ano cúmprese o décimo quinto aniversario do asinamento da Declaración fundacional da CALRE na cidade de Oviedo. A Conferencia nace co obxectivo de promover, desde a súa propia perspectiva de institucións de carácter parlamentario, vías de participación na construción da Unión Europea. Con este obxectivo, propónse centrar os esforzos fundamentais en tres direccións: a primeira, a articulación de procedementos de seguimento e control parlamentario dos asuntos europeos en cada rexión; a segunda, a vinculación e a comunicación entre comisións parlamentarias sectoriais e, sobre todo, entre as comisións de asuntos europeos dos distintos entes legislativos, e, en terceiro lugar, o establecemento de vías de intercambio activo cos parlamentos nacionais respectivos e co Parlamento Europeo.

Transcorrido este tempo, chegou o momento de realizar unha reflexión sobre **que tipo de foro chegou a ser a CALRE en Europa, o seu papel e o seu selo diferencial** con respecto a outras asociacións, das moitas xa existentes no complexo tramado organizativo xurdido tanto no seo da Unión Europea como nos distintos ámbitos institucionais dos seus Estados membros para atender os asuntos europeos. Só deste xeito será posible deseñar con acerto un proxecto futuro da CALRE que leve a bo porto as expectativas e os desexos daquela primeira Conferencia asturiana.

Non obstante, esta introspección sobre os logros atinxidos debe ser realizada tendo en conta o contexto económico e social en que nos achamos, polo que é preciso reafirmarse no interese dunha busca de solucións eficientes.

I. O PAPEL DA CALRE EN EUROPA

Os parlamentos rexionais na arquitectura europea

O movemento rexionalista en Europa remóntase a finais da década dos oitenta, en consonancia coa chamada *mobilización subnacional*. O feito rexional tivo cabida de forma relativamente serodia na Unión Europea e o seu recoñecemento iniciouse desde unha perspectiva económica nun primeiro momento, para posteriormente evolucionar cara a un enfoque máis institucional.

Os entes rexionais con competencias legislativas puideron ficar entón diluídos e subestimados no seu específico peso político e institucional, malia posuíren a representación política das correspondentes rexións e seren titulares da potestade legislativa no ámbito das súas competencias.

Con todo, o Tratado de Lisboa supuxo a reformulación dun novo modelo de responsabilidade e gobernanza compartido por todos os estamentos políticos da Unión Europea, polo que o papel das asembleas legislativas rexionais medrou de forma significativa en Europa mediante unha involucración activa nas políticas comunitarias.

As rexións con poderes legislativo aplican máis do setenta por cento da lexislación da UE sen pasar polas estruturas estatais, e nun contexto de crise económica no que nos vemos inmersos actualmente, os recursos de capital locais e rexionais vense sometidos a maiores restricións, polo que a CALRE avoga por unha utilización máis efectiva dos recursos existentes dentro dun marco legislativo coherente, coñecedora do papel dos seus membros na acomodación da normativa europea.

Os parlamentos rexionais e a subsidiariedade

O complicado contexto de crise económica no que vivimos desde hai anos está a afectar o proceso de toma de decisións europeas, hoxe con frecuencia desprazado por movementos de carácter centralizador que poden chegar a comprometer a participación axeitada das distintas sensibilidades que compoñen a UE e a respecto do cal os Parlamentos Rexionais, ao amparo da lexitimidade democrática directa da que gozan e da proximidade aos seus respectivos cidadáns, non poden nin deben quedar á marxe. Agora máis que nunca se cabe hai que reafirmar a aposta por unha Europa forte e unida dentro da súa diversidade enriquecedora, unha Europa o máis próxima posible aos seus cidadáns e aos seus problemas. E, por iso, a reivindicación do principio de subsidiariedade, sempre presente nos traballos da CALRE, ten hoxe un sentido aínda maior. Por iso, a CALRE reitera o feito de que a participación das asembleas legislativas rexionais no procedemento de control do principio de subsidiariedade é indispensable para garantir, no proceso europeo de toma de decisións, niveis óptimos de transparencia e eficiencia, en definitiva, de democracia.

Por vez primeira, a Comisión Europea procedeu este ano a retirar unha proposta legislativa, atendendo deste xeito as demandas dos parlamentos nacionais relativas ao incumprimento do principio de subsidiariedade comunitario. Isto evidencia a eficacia práctica do Mecanismo de Alerta Temperá instaurado polo Tratado de Lisboa, e anima os Parlamentos Rexionais europeos a continuaren controlando as propostas legislativas europeas desde as esixencias que impón o principio de subsidiariedade.

Os presidentes e as presidentas consideran a Rede de Seguimento da Subsidiariedade do Comité das Rexións unha ferramenta eficaz para promover o intercambio de información entre os entes rexionais no procedemento de control dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade, especialmente a través da plataforma REGPEX.

Para estes efectos, a CALRE fai un chamamento decidido aos Parlamentos Rexionais que a integran para que fagan uso desta ferramenta que permite o intercambio de información entre eles en materia de subsidiariedade, podendo acceder, en tempo real, ao contido das propostas legislativas europeas en fase de elaboración e, eventualmente, aos pareceres emitidos por outros Parlamentos Rexionais, así como a calquera outra documentación relevante neste ámbito.

De forma adicional, a CALRE entende que se debe proseguir o proceso de intensificación das relacións entre os Parlamentos Rexionais europeos con competencia legislativa para o intercambio de información e boas prácticas en materia de defensa do principio de subsidiariedade, e co fin último da adopción de posicións comúns en relación coas propostas legislativas europeas que afecten especialmente os intereses rexionais.

Déficit democrático, cocreación (*coworking*) e transparencia

A existencia das asembleas legislativas rexionais axuda a combater ou a desafiar un dos maiores problemas cos que se enfrenta a UE, en concreto, a cuestión da lexitimidade democrática ante os ollos dos cidadáns. É imperativo que os parlamentos rexionais, como os órganos responsables máis achegados ao cidadán, desenvolvan un papel sólido e activo no proceso de toma de decisión da UE.

Por outro lado, o **exercicio da política** como servizo para a procura e a consecución da liberdade e do ben comúns, tamén sofre as consecuencias deste tronso económico que desemboca nunha crise de valores institucionais por parte dos cidadáns.

Deste xeito, a CALRE apoia a promoción dunha mellora nas canles de participación desde un punto de vista de maior calidade delas, para que a delegación representativa que posúen os parlamentos rexionais se actualice permanentemente sobre a base da **cocreación** integre a todos os actores involucrados, e a **transparencia**, como premisas esenciais para recuperar a confianza da cidadanía.

As **oficinas parlamentarias europeas**, concibidas como órganos de interlocución entre os representantes políticos, a cidadanía e as institucións, a través dos cales resulta posible coparticipar nos proxectos impulsados polos gobernos, poderían constituír un mecanismo eficaz para prestar un servizo permanente e directo aos cidadáns, que recolla suxestións e propostas que estes formulen a título individual ou colectivo e lles

facilite aos usuarios información sobre as políticas promovidas polos seus representantes.

No próximo ano 2013, en que se conmemora o vixésimo aniversario do establecemento da cidadanía europea no Tratado de Maastricht, foi declarado o **Ano Europeo dos Cidadáns**. Son numerosos os progresos tanxibles alcanzados que teñen un efecto directo na vida de millóns de persoas; non obstante, aínda quedan obstáculos que eliminar para lograr o obxectivo de que os cidadáns exerzan libremente os seus dereitos, participando activamente na elaboración das políticas da UE. É, precisamente, neste ámbito onde a CALRE debe e quere impulsar un compromiso de busca proactiva de solucións que revertan no procomún.

Por iso, a CALRE amosa o seu interese en participar activamente nas tarefas que se desenvolven arredor da **conmemoración dos anos europeos**, facéndose eco dos problemas que afectan a cidadanía en primeiro grao, tales como o desemprego, a inmigración ou as desigualdades sociais.

II. A CALRE COMO FORO DE DIÁLOGO COAS INSTITUCIÓNS E COS ÓRGANOS EUROPEOS

Parlamento Europeo: cooperación interparlamentaria

Co tempo, os tratados foron outorgando un papel máis relevante ao Parlamento Europeo. Porén, a crise impuxo que sexan precisas novas vías para reinventar a UE e sortear deste xeito unha das súas grandes tarefas pendentes: a lexitimidade democrática.

Neste sentido, a CALRE felicítase polo **diálogo establecido co Parlamento Europeo**, especialmente a través da figura do seu presidente e da súa Comisión de Política Rexional, e aproba a súa prosecución, permitindo intensificar a colaboración institucional no ámbito parlamentario europeo.

A cooperación é a característica fundamental do parlamentarismo da Unión que se axusta ao noso tempo.

O Parlamentarismo moderno require o desenvolvemento de novos conceptos como o de “Parlamento Aberto”, baseado no establecemento de vías de participación directa dos cidadáns, que transmiten as súas necesidades e inquiredanzas ás Asembleas Legislativas Rexionais de maneira que estas o fagan chegar ao Parlamento Europeo para reducir a distancia que separa os cidadáns europeos das Institucións Europeas. Este concepto pretende establecer vías de comunicación institucional interrelacionadas, mediante as cales as Asembleas Legislativas Rexionais compilan as

inquietudes dos cidadáns europeos a través de ferramentas como o Parlamento 2.0 e as transmiten ao Parlamento Europeo.

Un parlamentarismo capaz de declarar cunha soa voz que acepta a perspectiva dun traballo futuro sobre as grandes cuestións da Unión, e que debe facer entender aos seus electores que as recomendacións, os controis e as investigacións de cada Cámara electa tan só teñen sentido se teñen en conta a interdependencia dos problemas. En definitiva, trátase de crear unha cadea de solidariedade institucional que asegure aos cidadáns que o seu voto terá en Europa a eficacia e o resultado dunhas eleccións plenas.

A este respecto, en 2014 vanse celebrar as eleccións ao Parlamento Europeo. Este supón un momento chave que debe levar a mobilizar os cidadáns arredor dun gran proxecto europeo, á consecución dunha auténtica unión política capaz de afrontar as crises non só con regras, senón sobre todo con mecanismos institucionais unitarios e efectivos.

Ao final deste período de crise económica existe a esperanza dunha verdadeira unión política europea, en contra da prosperidade crítica dos que falan contra Europa e as súas institucións. Deste xeito, a CALRE vese cominada a promover a participación cidadá nas próximas eleccións europeas, co obxecto de reforzar a lexitimidade democrática comunitaria.

Para este propósito, a CALRE podería impulsar activamente a mobilización dos cidadáns europeos para superar os elevados niveis de abstención nos comicios europeos, mediante a realización dunha xornada de portas abertas para analizar os logros do Parlamento Europeo para os seus cidadáns en todas as Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas, de ser posible establecendo unha data común, e poderían conectarse por videoconferencia os distintos Parlamentos para explicar aos cidadáns a transcendencia destas próximas eleccións ao Parlamento Europeo 2014 e o impacto das políticas da cámara europea nas súas vidas.

Comisión Europea

A CALRE acolle con satisfacción a predisposición da Comisión Europea para principiar o diálogo cos entes rexionais na fase preliminar do proceso de elaboración lexislativa e na discusión do seu programa de traballo anual, abrindo posibilidades de participación na defensa do principio de subsidiariedade, adicionais ás que, nunha fase ulterior do devandito proceso, ofrece o Mecanismo de Alerta Temperá.

A Conferencia destaca a necesidade de que a Comisión Europea teña máis en conta a diversidade territorial, constitucional e cultural das rexións europeas, ben como as características específicas de cada unha delas.

A CALRE aposta por un enfoque territorial europeo baseado na **gobernanza multinivel**. Polo tanto, na aplicación da **Estratexia Europa 2020** o orzamento da UE debe contar cos instrumentos financeiros suficientes para dar resposta ás novas competencias da Unión e se someter a un mellor deseño que capacite, equipare e dote de recursos os entes rexionais.

Os presidentes e as presidentas consideran que a futura **política de cohesión** debe promover o principio de cohesión territorial e ter presente a diversidade dos territorios de Europa e as súas distintas necesidades ou escalas, así como abranguer todas as rexións da Unión e concentrar a maior parte das asignacións nas rexións de converxencia, sen prexuízo dun apoio específico ou rede de seguridade para as rexións intermedias que abandonan o obxectivo de converxencia, e en apoio tamén daquelas máis competitivas.

Finalmente, a CALRE fai un chamamento a unha xestión dos fondos territoriais máis simple e eficiente, e a que o deseño, a aplicación, o seguimento e a avaliación dos programas que aqueles desenvolvan sexan abertos á participación oficial dos entes rexionais e locais.

En definitiva, a CALRE confirma a súa dispoñibilidade para ampliar a vontade de diálogo coa Comisión Europea, establecendo unha canle de comunicación directa que traslade as preocupacións e intereses dos cidadáns europeos, de xeito que estes sexan debidamente escoitados, e asumindo o papel das asembleas legislativas rexionais como intermediarias privilexiadas na obtención dun consenso o máis unánime posible que encamiñe o pasos da Unión cara a un futuro de seguridade, paz e benestar.

Comité das Rexións: o principal interlocutor das rexións en Europa

As relacións de cooperación entre a CALRE e o Comité das Rexións gozan dunha ampla traxectoria.

A CALRE gratúlase de ter alcanzado este ano un principio de novo acordo que se integre no Plan de Acción Común que comparte co Comité das Rexións, se ben nesta ocasión centrado en fortalecer e perfeccionar as vías de coordinación e comunicación institucionais ante a necesidade de establecer accións estruturais conxuntas, de traballar na mellora da implicación das autoridades rexionais no debate político europeo e no proceso de toma de decisións comunitario. Todo isto optimizando os seus recursos para que redunde nunha maior difusión de todo o relativo á Unión Europea para os cidadáns.

III. A CALRE E A MELLORA DA COORDINACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES REPRESENTATIVAS DE INTERESES REXIONAIS A NIVEL EUROPEO: ARQUITECTURA INSTITUCIONAL MULTINIVEL

O enfoque territorial integrado e coordinado fortalece a efectividade. A comparación e o enriquecemento mutuo coadxuvan ao obxectivo de reducir a fragmentación das mensaxes que queremos facer chegar á cidadanía.

A mellora da nosa eficiencia como institucións representativas da soberanía rexional é a mellor credencial para sermos un punto de referencia no proceso de toma de decisións ascendente a nivel europeo e para continuar a reforzarnos o feito rexional en Europa.

Os presidentes e as presidentas manifestan o seu acordo en que o desenvolvemento de programas transfronteirizos e transnacionais ten contribuído, con frecuencia, a superar as inercias institucionais e ten propiciado intercambios sociais, culturais e económicos. Por todo isto, felicítanse polo acordo de colaboración establecido entre a CALRE e a **ARFE**, o estreitamento dos lazos de unión xa existentes co **Consello de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa e o mantemento das relacións con REGLEG**. Consideran que estes acordos redundan en beneficio do rexionalismo europeo.

Polo tanto, a CALRE confirma a súa vontade e dispoñibilidade para cooperar coas organizacións rexionais nos diferentes ámbitos de competencia, considerando que hai áreas comúns de actividade que poden favorecer accións conxuntas con maior eficacia, maior aproveitamento de sinerxías positivas e un aforro importante de enerxías e recursos.

IV. A CALRE E A PROMOCIÓN DO MODELO INSTITUCIONAL REXIONAL

As asembleas lexislativas rexionais son consideradas como un modelo institucional para toda Europa, debido á súa adaptabilidade ás necesidades locais e á súa forte conexión coa historia europea.

A CALRE declárase favorable a promover a rexionalización nos Estados membros da Unión Europea, cando proceder, e a convidar as rexións a desenvolver competencias lexislativas.

Os presidentes e as presidentas consideran que a cooperación transfronteiriza e interrexional que achegue as rexións dos actuais Estados membros e as dos países candidatos, especialmente no nivel dos parlamentos rexionais, contribuirá de forma valiosa á aproximación e á integración deses Estados na Unión.

A CALRE está disposta a colaborar na promoción do modelo institucional das asembleas lexislativas a través de proxectos de desenvolvemento institucional, como o emprendido co CPLRE, ben como mediante o fomento da creación de redes de cooperación parlamentaria.

Por outro lado, a CALRE desexa consolidar o diálogo iniciado cos parlamentos dos Estados americanos, en función das experiencias e dos contactos xa establecidos coas asembleas lexislativas rexionais europeas, como contribución destas a unha mellor comprensión e un mellor diálogo transatlánticos.

V. SELO DIFERENCIAL DA CALRE: Principio de unidade e cooperación entre asembleas rexionais lexislativas europeas

Os presidentes e as presidentas manifestan a súa satisfacción polo feito de que a actividade conxunta e coordinada da CALRE nos últimos anos teña favorecido a consecución de resultados significativos.

A CALRE estima necesario reforzar a cooperación entre os seus membros co fin de aumentar o coñecemento recíproco, favorecer o intercambio de experiencias, iniciar proxectos de colaboración e desenvolver estratexias dirixidas ás entidades rexionais que promovan o crecemento dunha cultura europea.

Para consolidar eses lazos entre os membros da CALRE, debe ser salientada a importancia das actividades dos grupos de traballo. Os resultados obtidos contribúen á reflexión conxunta sobre materias de interese esencial para as rexións e coadxuvan no establecemento dunha posición común e integrada sobre estas ante as institucións europeas.

O compromiso e a alianza de todos os parlamentos rexionais europeos constitúen unha das mellores estratexias que se debe adoptar para superar a crise económica e exercer políticas de servizo ao cidadán.

En definitiva, a CALRE debe seguir a apostar pola unidade de acción, a coordinación de forzas e a converxencia de esforzos, como premisas que definan as súas metas e os medios para as alcanzar.

VI. CONCLUSIÓNS

* A CALRE sostén que as asembleas lexislativas rexionais están lexitimadas para **participaren de forma activa no proceso de toma de decisións da Unión Europea**, malia ser consciente de que aínda queda un longo camiño que percorrer para atinxir o

mellor marco de gobernanza multinivel dentro do sistema comunitario e de que o papel daquelas pode ser mellorado.

* **A intervención dos parlamentarios rexionais a nivel comunitario é necesaria para dotar a Unión de maior lexitimidade democrática**, polo que deben ser creadas as condicións para que aqueles poidan desenvolver eficazmente as súas funcións e adoptar medidas encamiñadas a mellorar o acceso á información, co fin último de lograr que estean capacitados para esixir as correspondentes responsabilidades políticas na toma de decisións.

* Nestes momentos de crise económica e de cambio de valores que sofren numerosos países, resulta esencial reforzar o papel dos parlamentos como directos representantes da soberanía popular. Por iso, hai que **revalorizar o exercicio da política para que os cidadáns**, en vez de a percibir como un problema, poidan entender que supón un instrumento esencial para a resolución dos seus problemas diarios e ao servizo da sociedade.

Neste sentido, é fundamental que entre todos adquiramos un maior compromiso para fomentarmos a transparencia no traballo parlamentario, abrindo as nosas institucións legislativas ao cidadán a través da aplicación de códigos éticos e de bo goberno.

O Ano Europeo dos Cidadáns 2013 ofrece unha excelente oportunidade para promover o compromiso e a boa gobernanza cos cidadáns no proceso democrático e a CALRE subliña o seu compromiso activo co Comité das Rexións, a Comisión Europea e o Parlamento Europeo para garantir o éxito desta iniciativa.

* A CALRE considera que a **participación** non só constitúe un espazo de diálogo, onde se fala e se escoita, senón que **debe permitir a existencia de espazos de cocreación**. Os parlamentos teñen o deber de comunicar e vincular activamente os cidadáns nos procesos parlamentarios e na toma de decisións, co fin de os representar eficazmente.

Como medio para lograr este obxectivo, resulta primordial potenciar o uso de instrumentos informáticos e telemáticos que faciliten o intercambio de información entre os distintos parlamentos e fomentar que, a través das redes sociais, se poida chegar a interactuar cos deputados e cos órganos do poder legislativo.

* A CALRE volve manifestar que o **fortalecemento da unidade dos parlamentos rexionais europeos** contribúe a asegurar a unidade política.

Os parlamentos rexionais están convidados a asumir un papel máis activo no proceso de formación da opinión pública europea, ao contaren cun capital considerable en materias de proximidade das decisións aos cidadáns, así como de aplicación do **principio de subsidiariedade**, que deberá valorarse debidamente no contexto das discusións sobre o futuro da Unión Europea.

* A CALRE considera a utilidade do **intercambio das boas prácticas a nivel interrexional** co obxectivo de mellorar a información e a comunicación, fortalecendo a adhesión aos principios democráticos.

* A **cooperación interparlamentaria** constitúe un mecanismo acertado para a construción progresiva dunha opinión pública e dun espazo político europeo. Deste xeito, pode ser achegada unha visión global e de longo prazo.

* A **unidade e o diálogo**, por enriba das ideoloxías, son premisas básicas na loita fronte ao sentimento de falta de representatividade, ao tempo que fomentan máis espazos, como demanda a sociedade civil, para a participación cidadá.

O desafío destes tempos para o poder legislativo é **adaptar as respostas institucionais e as ferramentas de representación parlamentaria** para conciliar mellor as novas demandas, sobre todo as procedentes do ámbito local.

As autoridades deben ser capaces de recoller en maior medida as demandas cidadás. Neste sentido, o papel de representación de intereses que exercen os parlamentos nuns Estados democráticos debe ser fortalecido, especialmente mediante mecanismos para a participación da cidadanía, a rendición de contas por parte das autoridades e o establecemento de maiores espazos de interlocución entre os representantes e os seus representados.

Finalmente, facúltase o presidente organizador da Conferencia para transmitir os documentos aprobados a todas as institucións interesadas.